



2024

19º AUTOCROSS DE CARBALLO
28 DE SEPTIEMBRE DE 2024
REGULAMENTO PARTICULAR
CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE AUTOCROSS



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

O/a CLUB RALLY CORUÑA organiza o 19º AUTOCROSS DE CARBALLO que se desenvolverán o día 28 de Setembro de 2024

Esta proba de Autocross-Rallycross disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2024, o regulamento xeral do Campionato de Autocross, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 27 DE AGOSTO DE 2024. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-044-AU.


Artigo 2.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

Vehículos admitidos no Campionato de Galicia de Autocross-Rallycross 2024			
Clase	Grupo	Designación	Regulamento
Clase I	Turismos de serie	Series	FIA - Art. 254 - Anexo J - FGA
Clase II	Turismos	Turismos	FIA - Art. 254 - Anexo J - FGA
Clase III	FIA car cross	FC	FIA - Art 279 B
	Car Cross	CC	RFEA - Anexo 9 - FGA
Clase IV	Super turismos	SCC	Art. 254/255/255A - Anexo J - FGA- RFEA Anexo 9
Clase V	Junior Car Cross	Jr CC	RFEA- Anexo 9
Clase VI	Super Buggy Buggy 1600cc	SPB B 1600	FIA - Art. 279 A - Anexo J
Clase VII	Tracción Trasera	TT	FGA – Rallymix Agrupación VI

Artigo 3.- DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

3.1.- Os dez mellores clasificados de cada clase outorgaráselle o número de dorsal segundo a súa clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross 2023.

3.2.- Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras e un terceiro irá no parabrisas segundo o artigo do Regulamento Xeral de Autocross.



3.3.- A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.

3.4.- Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número debendo cada piloto repoñer ditos números no caso de ter que substituílo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintándoo igual ó que se lle entregou, se non, penalizaráselle coa exclusión dos Comisarios Deportivos da proba.

Artigo 4.- INSCRICIÓNS.

4.1.- Toda persoa que desexe participar na proba 18º AUTOCROSS DE CARBALLO deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumprimentado, á secretaría da Proba, sita en:

CLUB RALLY CORUÑA

Rúa Francisco Catoira nº 18 baixo

C.P. 15007 Cidade A Coruña Provincia A Coruña

Teléfono: 605373817

E-mail: participantes@clubrallycoruna.com

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 23 de Setembro de 2024.

4.2.- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

4.3.- Establécense uns dereitos de 105€ (coeficiente 8), PARA CADA UNHA DAS PROBAS, aceptando a publicidade do organizador e dereitos dobres non aceptando a publicidade do organizador.

4.4.- Si nunha categoría só houberse unha inscrición de 4 participantes, cunha antelación de 3 días o organizador poderá comunicar á Federación a anulación da devandita modalidade.

4.5.- O prazo de admisión de inscricións pecharase cinco días (luns) antes do inicio da proba, e a publicación da lista de inscritos se fará tres días antes da proba.

4.6.- O Comité de Organización resérvase o dereito de refusa-la inscrición dun concursante ou dun piloto debéndose da-los motivos. (Artigo C.D.I.).

4.7.- Será obrigatorio presentar nas verificacións administrativas, as licenzas, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

4.8.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na entidade bancaria ABANCA sucursal de A Grela - A Coruña número de IBAN ES65 2080 0703 6430 4000 5799. Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 5.- HORARIOS DA PROBA.

Data	Horario	Programa	Lugar
28-8-24	14:00	Apertura de inscricións	Secretaría da proba TEF.: 605373817
23-9-24	20:00	Peche de inscricións	Circuíto
25-9-24	18:00	Publicación lista inscritos	
28-9-24	8:00 a 9:00	Verific. Administrativas Clase I, II, III, IV, V, VI e VII	
	8:15 a 9:30	Verific. Técnicas Clase I, II, III, IV, V, VI e VII	
	9:30	Reunión dirección de carreira cos oficiais adxuntos	
	9:45	Publicación lista de autorizados a toma-la saída Clase I, II, III, IV, V, VI e VII	
	10:00	Briefing do Director de Carreira	
	10:30	Sesión adestramentos libres Car Cross	
	10:50	Sesión adestramentos libres Car Cross Junior	
	11:00	Sesión adestramentos libres -1.600 c.c.	
	11:20	Sesión adestramentos libres +1.600 c.c.	
11:40	Sesión adestramentos libres 4x4	Circuíto	
11:50	Sesión adestramentos libres Super Buggy		
12:00	Sesión adestramentos libres Traseira		
12:10	Saída adestramentos oficiais Car Cross		
12:40	Saída adestramentos oficiais Car Cross Junior		
12:50	Saída adestramentos oficiais -1.600 c.c.		
13:10	Saída adestramentos oficiais +1.600 c.c.		
13:30	Saída adestramentos oficiais 4x4		
13:40	Saída adestramentos oficiais Super Buggy		
13:50	Saída adestramentos oficiais Traseira		
15:00	1ª Clasificatoria Car Cross		
15:30	1ª Clasificatoria Car Cross Junior		
15:40	1ª Clasificatoria -1.600 c.c.		
16:00	1ª Clasificatoria +1.600 c.c.		
16:20	1ª Clasificatoria 4x4		
16:30	1ª Clasificatoria Super Buggy		
16:40	1ª Clasificatoria Traseira		
17:00	2ª Clasificatoria Car Cross		
17:30	2ª Clasificatoria Car Cross Junior		
17:40	2ª Clasificatoria -1.600 c.c.		
18:00	2ª Clasificatoria +1.600 c.c.		
18:20	2ª Clasificatoria 4x4		
18:30	2ª Clasificatoria Super Buggy		
18:40	2ª Clasificatoria Traseira		
19:00	Finais B (*)		
19:30	Final Car Cross Junior		
19:45	Final -1.600 c.c.		
20:00	Final +1.600 c.c.		
20:15	Final 4x4		

20:30	Final Super Buggy
20:45	Final Traseira
21:00	Final Car Cross
21:15	Publicación de resultados según conclúan as finais
seguinte	Rolda de prensa dos vencedores das catro categorías
seguinte	Entrega de premios e trofeos

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais):

Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos**, sen ter que esperar ás entregas de premios. (*) De non poder empeza-la Final B no horario establecido os Comisarios Deportivos poderán suspender-las Finais B, pasando a disputarse directamente a Final A. Será obrigatorio que a proba se faga sen pausas intermedias. Si se celebraran máis ou menos mangas clasificatorias ou finais B, que as programadas no cadro horario do regulamento particular, despois dos adestramentos. Os Comisarios Deportivos publicarán no taboleiro de anuncios o novo horario e o avisarán por megafonía.

Artigo 6.- ORGANIZACIÓN DAS PROBAS.

6.1.- VERIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS.

1- Tódolos equipos deberán presentarse ao completo co seu vehículo ás verificacións técnicas e/ou administrativas-entrega de documentación.

2- Será obrigatorio presentar nas verificacións, as licenzas de piloto, e de escudería, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

3- Todo competidor que se presente con atraso ás verificacións por causas de forza maior (así entendidas polos Comisarios Deportivos e sempre que o competidor ou o piloto puidese xustificar plenamente a existencia da devandita causa e que o atraso se haxa avisado antes do peche das verificacións), poderá ser verificado ata 30 minutos despois da súa hora asignada, segundo o horario previsto para a súa verificación. Neste caso será penalizado cunha multa de 100€, que será remitida integramente a Federación Galega de Automobilismo. Pasado devandito prazo non será autorizado a tómalas saída.

8- A zona habilitada para realizarse a Verificacións Técnicas debe estar operativa desde o inicio da proba.

9- Como norma xeral, as infraccións de carácter técnico cometidas levarán consigo a anulación dos tempos conseguidos nos adestramentos, a exclusión da clasificatoria ou Final correspondente podendo chegar á exclusión do meeting.

6.2.- CRONOMETRAXE.

1.- O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado a cabo exclusivamente polo equipo oficial da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

2.- A toma de tempos iniciarase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

3.- Calquera sistema de telemetría está prohibido.

3.1.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o condutor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido con pena de exclusión do meeting.

Artigo 7.- TROFEOS POR PROBA E PREMIOS FINAIS.

A tenor dos resultados finais dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross concederanse os seguintes premios por proba: Trofeos os clasificados de todas as clases.

A entrega de trofeos pódese facer o finalizar de cada clase ó termo da proba. E obrigatorio entregar unha coroa ó gañador de todas as clases. Os vehículos será obrigatorio levalos antes da Entrega de Premios o Parque pechado.

Nas finais, para optar os premios en metálico, teranse que dar obrigatoriamente a metade das voltas máis una do total das previstas no regulamento.

Entregaranse para cada unha das Clases os seguintes premios en metálico recomendados pola Comisión de Autocross da F.G. de A. na final de cada evento.

1.- Si saen ata 4 pilotos autorizados (Inclusive):	2.- Si saen entre 6 e 9 pilotos autorizados (Inclusive):	3.- Si saen entre 10 e 13 pilotos autorizados (Inclusive):
1º: Trofeo	1º: 200€ e Trofeo	1º: 240€ e Trofeo
2º: Trofeo	2º: 150€ e Trofeo	2º: 200€ e Trofeo
3º: Trofeo	3º: 100€ e Trofeo	3º: 130€ e Trofeo
	Total 450€	4º: 100€
		Total 670€
4.- Si saen entre 14 e 17 pilotos autorizados (Inclusive):	5.- Si saen entre 18 e 24 pilotos autorizados (Inclusive):	6.- Si saen entre 25 e 29 pilotos autorizados (Inclusive):
1º: 300€ e Trofeo	1º: 350€ e Trofeo	1º: 425€ e Trofeo
2º: 250€ e Trofeo	2º: 250€ e Trofeo	2º: 325€ e Trofeo
3º: 150€ e Trofeo	3º: 150€ e Trofeo	3º: 225€ e Trofeo
4º: 100€	4º: 110€	4º: 175€
5º: 80€	5º: 90€	5º: 120€
Total 880€	6º: 80€	6º: 100€
	7º: 70€	7º: 90€
	Total 1110€	8º: 80€
		Total 1540€
	7.- Si saen mais de 30 pilotos autorizados (Inclusive):	
	1º: 500€ e Trofeo	
	2º: 400€ e Trofeo	
	3º: 300€ e Trofeo	
	4º: 250€	
	5º: 200€	
	6º: 150€	
	7º: 120€	
	8º: 100€	
	Total 2020€	

1º TROFEO MRF 2024.- Premios por proba.

CLASE III (CARCROSS)

1º	250 €
2º	150 €
3º	100 €

CLASE V (CARCROSS JUNIOR)

1º	150 €
2º	100 €
3º	50 €

Tódolos premios do **1º Trofeo MRF 2024** son concedidos pola F.G.A., e "MRF TYRES." están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, nin mecánicos, e sen seareiros, de non facelo perderá o dereito tanto o trofeo como ó premio en metálico.

Artigo 8.- CONCURSANTES ADMITIDOS.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2024 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 9.- ACTAS E INFORMES DA PROBA.

As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións, finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos, Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar

no poder da F.G. de A., debidamente cumprimentadas, nun prazo non superior aos dous días; tamén deberán entregarse copias ó Observador da proba, ó finalizala mesma.

Artigo 10.- OFICIAS DA PROBA.

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Ernesto Rumbo Queijeiro DC-1744-GA-AUT.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Vicente A. Vázquez Gómez DC-0796-GA-AUT.

D. Antonio Perez Cid DC-0714-GA-AUT.

D. Angel Longueira Carballo CD-1745-GA-AUT.

Observador da F.G. de A.:

D. Antonio Javier Guitián Vázquez OBS-0793-GA-AUT.

Director da Carreira:

D. Marco A. Ramos Castro DC-0794-GA-AUT.

Adxunto ó Director:

D. Jose Carlos Vázquez Santiso DC-0674-GA-AUT.(Xefe de seguridade)

D. Juan Fernández Ferreiro DC-1038-GA-AUT.(Responsable comisarios pista)

D. Tomás Vázquez Montes DC-0493-GA-AUT.(Responsable de grellas)

Comisarios de Verificacións Administrativas:

Presidente: D^a. M^a Isabel Gómez Añón OD-1747-GA-AUT.

D^a. María J. Fernández Pardo OD-1765-GA-AUT.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Iván González Abeleira JOC-0795-GA-AUT.

D. José Lago Presa JOC-1033-GA-AUT.

Xefe de Boxes:

D. David Sierra Pereira DC-0109-GA-AUT.

Relacións cos Participantes:

D. José Angel García Rodríguez DC-0495-GA-AUT.

Cronometradores:

D. Jose A. Penedo Marnotes DC-0006-GA-AUT.

Comisarios de Ruta:

D. Ricardo Noval Garel OD-1751-GA-AUT

D. Ricardo Ramos Noval OD-1771-GA-AUT

D. Ramón Ramos Morales OD-1764-GA-AUT.

D. Adrián Tasende Tasende OD-0588-GA-AUT.

D. Angel Fernando Seijas Veiga OD-1752-GA-AUT.

D. Manuel Pedreira Louro OD-1766-GA-AUT.

D. Oscar Pedreira Louro OD-1767-GA-AUT.

D^a. Jennifer Botana Canosa OD-1685-GA-AUT

D^a. Paula Estefanía Macchia OD-1686-GA-AUT.

D. César Hernández Díaz OD-1707-GA-AUT.

Servizos Médicos: E.M.S. Galicia

Artigo 11 DISPOSICIÓN CONTRARIAS A NORMATIVA XERAL DA F.G.A.: Según artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constas no regulamento particular a excepcións aprobadas pola F.G.A.

Don ERNESTO RUMBO QUEIJEIRO, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

ENTIDADE:
CLUB RALLY CORUÑA

Asdo.:
DIRECTOR DA CARREIRA
N.I.F.: 32880111A


Asdo.: PRESIDENTE
D. ERNESTO RUMBO QUEIJEIRO
C.I.F.: G-15822596

Asdo.:
XEFE SEGURIDADE VIAL
N.I.F.: 76818223V



CROQUIS/PLANO (SEN ESCALA) DO TRAZADO DO CIRCUÍTO - LONXITUDE CIRCUÍTO.

LONXITUDE CIRCUÍTO: 938 mt.



Este REGULAMENTO queda aprobado a efectos deportivos
Lalín, a 27/08/2024



Fdo. Antonio Rodríguez Troitino
Presidente FGA

